

# Montezuma de Carvalho e as mellores rosas galegas para Eugénio de Andrade

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

Sumario

Joaquim Montezuma de Carvalho e a colaboración de poetas galegos nunha homenaxe a Eugénio de Andrade.

Abstract

Joaquim Montezuma de Carvalho and several Galician poets collaborate to pay homage to Eugénio de Andrade.

*Fai falla, si desexamos  
co irmán vivir de cotío  
en xuntanza, que tendamos  
por enriba dese río,  
cantos máis pontes poidamos.*

**Avelino Rodríguez Elías**

**J**oaquim de Montezuma de Carvalho naceu en 1928 na cidade de Coimbra. Na Facultade de Dereito desta cidade fixo a licenciatura. Posteriormente marchou para Angola e Mozambique onde traballou nos rexistros e na magistratura até o seis de abril de 1976, ano do regreso a Portugal, fixando a súa residencia en Lisboa para exercer de avogado.

Sen ser poeta, nin dramaturgo, nin novelista, nin contista, nin ensaísta, este avogado herdou de seu pai, o grande humanista e mestre do pensamento Joaquim de Carvalho, o amor pola literatura e a filosofía ás que considera unha vía de comprensión do mundo. El mesmo sitúa a súa actividade cultural próxima ao Krausismo e á beira da obra do filósofo francés Jean Marie Guyau: producir ondas no medio social, espertándoo. Os seus múltiples escritos versan sobre literatura, filosofía e historia.

Publica no Brasil, nos diarios *O Estado de São Paulo* e *Tribuna de Santos*. Nas revistas *Expoente*, *Comentário*, *Minas Gerais*, *Jornal de Letras*, *Letras de Limeira*, *Revista Brasileira de Filosofía*, *Revista de Letras*. Na revista *Relligioni Oggi* de Roma. Na *Revista Interamericana de Bibliografía* de Washington. Nas revistas de México *Norte*, *Vida Universitaria*, *Sembradores de Amistad*, *Comunidad*, *Nivel e Humanitas*. No diario *El Universal* do Ecuador. Na revista *Humboldt* de Alemaña. Na publicación *Repertorio Latinoamericano* de Buenos Aires. Polas publicacións no estranxeiro mereceu numerosas distincións: é membro de The Hispanic Society of América de New York; da Academia Carioca de Letras e da Academia Santista de Letras; do Grupo América de Uruguay; convidado do Instituto Internacional de Literatura Iberoamericana da Bienal de S. Paulo, en 1970 no Brasil. En 1971 foille outorgado o premio mexicano «José Vasconcelos» que comparte con personalidades como León Felipe, Salvador de Madariaga e Jorge Luis Borges. Na actualidade colabora activamente no *Caderno literário* do diario *O primeiro de Janeiro* do Porto; e no *Diário dos Açores*, de Ponta Delgada.

Promoveu diversas publicacións poñendo sempre por diante de si as figuras homenaxeadas coa mesma humildade do pai, Joaquim de Carvalho.

\* Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Língua e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

En 1951, sendo estudante, tomou a iniciativa da homenaxe a Teixeira de Pascoaes, publicando o libro colectivo *A Teixeira de Pascoaes*.

No ano 1953 traduce e prologa *Teixeira de Pascoaes* do italiano e editor de Florbela Espanca, Guido Battelli.

En 1957 fixo saír en Angola o «Epistolário Ibérico. Cartas de Pascoaes e Unamuno».

En 1958, ano da morte de seu pai, organizou os libros *Joaquim de Carvalho no Brasil* e *Miscelânea de Estudos a Joaquim de Carvalho*, fundando tamén na Figueira da Foz a Biblioteca-Museu Joaquim de Carvalho e a Sala Joaquim de Carvalho da Biblioteca Municipal desta cidade.

De 1958 a 1965, financiado polo Municipio de Nova Lisboa, Angola, organizou e publicou os catro tomos do *Panorama das Literaturas das Américas de 1900 à actualidade*.

En 1965 presentou os escritores luso-brasileiros nados neste século na obra francesa *Ecrivains Contemporains*<sup>1</sup>.

En 1979 publicou *António Sérgio, a obra e o homem*<sup>2</sup>.

En 1992, *Crónica de uma viagem à Cos de Mina no ano de 1480, de Eustache de la Fosse*<sup>3</sup>.

En 1995, publica *Da alma portuguesa/da alma galega, por Joaquim de Carvalho/Camilo José Cela*<sup>4</sup>.

En 1998, *Sor Joana Inés de la Cruz e o Padre António Vieira ou a disputa sobre as finezas de Jesús Cristo*<sup>5</sup>.

En 1999, *Um abraço de Espanha a Garrett: Juan Valera, Marcelino Menéndez Pelayo e Ramón Menéndez Pidal*<sup>6</sup>.

No ano 2001 reeditou a obra *Amarante* de Joaquim de Vasconcelos, cun estudo introdutorio<sup>7</sup>.

Conseguiu reeditar<sup>8</sup> a obra *Vida de Bento de Espinosa* por Joao Colerus (1647-1707), cunha introdución do seu falecido pai e tradución de J. Lúcio de Azevedo directamente do holandés, obra editada nos anos trinta e desaparecida do mercado pola acción de Salazar.

O erudito profesor de Coimbra, Joaquim de Carvalho, fora un dos participantes, xunto con António Sérgio, Jaime Cortesão, Hernâni Cidade e Fidelino de Figueiredo, nas xornadas organizadas polo Instituto de Estudos Portugueses na facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela. Ocupouse da figura de Antero de Quental nun ciclo de conferencias que tiveron lugar os días 25, 27 e 29 de abril do ano 1932 baixo o título xeral de «As tres vidas de Antero de Quental». En cada un dos días desenvolveu unha das tres semblanzas do autor: «O homem novo», «O desesperado», «O filósofo». As conferencias sobre Antero deron lugar á publicación do libro *Sonetos escogidos*.

O amor por Galiza herdouno Montezuma do seu pai e das vivencias compartidas con Teixeira de Pascoaes. Amigo de galegos como J. M. García Rodríguez, profesor en San Juan de Puerto Rico, de Eduardo Blanco Amor<sup>9</sup>, de Ramón Piñeiro<sup>10</sup>, de Ernesto Guerra da Cal<sup>11</sup>, de Manuel Fraga Iribarne<sup>12</sup>. Como amigo que era de Camilo José Cela<sup>13</sup>, manifesta as semellanzas nun punto biográfico no cal coinciden: Cela neno fuxiu da cada dos pais até Valença do Miño, procurando Portugal e Montezuma neno fuxiu da casa dos pais até o mesmo lugar, Valença, para pasar a Galiza. É manifesta a súa profunda admiración por Castelao, Rosalía e Valle Inclán.

Entre os seus numerosos traballos destacan, ademais dos relacionados coa cultura portuguesa, outros que se sitúan no ámbito hispánico coa inclusión da cultura en lingua castelá. Pola súa vinculación á cultura española, en 1999, foi elixido membro da Academia Norteamericana de la Lengua Española, galardoada no 2000 co Premio Príncipe de Asturias. En 1963 formou parte do xurado internacional que lle concedeu ao mexicano Octavio Paz o Grande Prix de Poesie, premio belga.

Colaborou en publicacións galegas como a do Club da Prensa de Ferrol, *Ferrol Análisis*, cun traballo sobre Ramón Martínez López.

É autor do prefacio ao libro *Nosotros, los Borges-apuntes de familia*, do autor Miguel de Torre Borges, fillo de Norah Borges e Guillermo de Torre, sobriño de Jorge Luis Borges, editado pola Diputación de Huelva.

Del partiu a idea e a organización do libro *À jeito de homenagem a Eugénio de Andrade*, conxunto de 304 traballos en prosa e en verso provocados a partir da lectura do poema «Improviso» do gran poeta portugués. Un grupo de galegos, entre eles varios de Betanzos, participamos con comentarios do poema onde, unha vez máis, a rosa é protagonista, e animamos a moitos poetas a participar. O poema «Improviso» é un poema breve, unha quintilla que se publicou por primeira vez nunha tarxeta de felicitación de Nadal que o autor enviou aos amigos en decembro de 1999. Actualmente forma parte do libro de poemas breves *Pequeno Formato*, incluído no volume *Poesía* do ano 2000.

Os traballos, que se publicaron primeiramente nas páxinas do «das Artes e das Letras» do xornal *O Primeiro de Janeiro* ao longo de dous anos, de decembro do 2002 a marzo do 2004, van precedidos no libro dun prólogo de Arnaldo Saraiva. Presentado na Fundación Eugénio de Andrade, o 4 de decembro do 2004, é a máis universal e sentida homenaxe ao poeta, quen falecería o 13 de xuño do ano 2005.

Queremos dar a coñecer aquí os poemas dos poetas galegos, que en moitas ocasións, nós provocamos, e que son dignos de figurar nunha pequena antoloxía poética ao lado do poema que os orixinou.

Montezuma de Carvalho fixo que o poema «Improviso» viaxase por medio mundo e provocase, ademais de comentarios cheos de sensibilidade, as mellores rosas poéticas galegas :

### **Improviso**

Uma rosa depois da neve.  
 Não sei que fazer  
 De uma rosa no inverno.  
 Se não for para arder;  
 Ser rosa no inverno de que serve?

**José Lois García** envía o seu poema «Flor das flores» en portugués:

«Apetece o inverno  
 em seu ardor?

Invulnerável incêndio  
 da rosa e flor  
 señoreando a neve  
 em nossa dor?

Flor das flores  
lenta fogueira  
de amor dos amores»

**Xohana Torres** envía un breve poema en galego:

Unha nevada rosa  
só é unha rosa invernal.  
De que vale ser flor así  
apagado o fulgor?...

**Miro Villar** envía, o 20 de xaneiro do 2001, o soneto «A rosa» en galego:

Se digo a rosa, digo río toxo e fervenza,  
se digo a rosa, digo lugar de carboeiro  
se digo a rosa, digo tamén o seu mosteiro.  
se digo a rosa, digo telúrico eco e crenza.

se digo a rosa, digo terras para a mantenza,  
se digo a rosa, digo pradairo, sabugueiro,  
se digo a rosa, digo rebento de salgueiro,  
se digo a rosa, digo paixón que nunca venza,

se digo a rosa, digo casal acolledor,  
se digo a rosa, digo mel e filloas na pedra,  
se digo a rosa, digo recendo a vaca pinta,

se digo a rosa, digo, finalmente, unha flor,  
se digo a rosa, digo que o meu corazón medra,  
se digo a rosa, digo todo en forma sucinta.

**Aurora López** envía o 20 de novembro do 2000 a súa homenaxe, reproducindo un poema que atopou, autógrafa, na Casa-Museo de Rosalía de Castro en Padrón dedicado á autora por Eugénio de Andrade e que figura no libro *Rosalírica. Homenaxe de 27 poetas portugueses a Rosalía*<sup>14</sup> co título «Dez ou once versos para Rosalía». No autógrafa o título é «Algúns versos para Rosalía», e está datado o dous de decembro do ano 1983:

Esta névoa flutua  
como no poema de Blake  
sobre a terra molhada.  
TERRA  
que prolonga a minha,  
onde a pobreza traballa  
cada leira, cada palabra.  
E a melancolía  
rói e remói  
os ossos, a pedra  
Terra de ROSALIA

**Andrés Pociña** envía o traballo conxuntamente coa súa muller Aurora López. O título é «Resposta para Eugénio»:

Que ía ser de nós no inverno,  
despois da neve,  
sen termos a rosa,  
sen ti, Poeta?

Que vai facer a rosa,  
despois da neve,  
se branca non a sementa Martí  
en xullo como en Janeiro,  
se non lle presta Rosalía  
seu corazón de cen follas,  
se non matina Eugénio  
no misterio da rosa de inverno?

**Chus Pato**, envía este poema en xaneiro do 2001:

en soidade ordena outra volta este ceo

en prados tan altos durmen (as rosas) que beben ursa-albabética,  
porca brava e cervá da cantiga  
rumor extraceleste das auroras

icnitas de lis sobre as margas e arxilas de galiña xigante –ictino- sauria

ao igual que na cerna da máis espesa costra de xelo as augas flúen.  
flúen (rosas) en sombra  
láctea transparecida lunar; rostros

azafrán e rosa, vélaro de lá e cortinado de turquesa

na copa do atardecer severo.

**Xesús Torres**, betanceiro, data a súa composición o 3 de agosto do 200:

A rosa, a poesía...  
não mais tocar a rosa  
ordenava Juan Ramón  
só olhá-la, olhá-la sempre  
mesmo em inverno.  
Sempre a rosa!

**Arturo Casas**, o gran poeta betanceiro, data o seu poema o 15 de Janeiro do 2001, en Santiago de Compostela e en portugués:

**Variación 2 para Eugénio de Andrade**

Doação da luz, a mirada descobre  
o mundo e o vazio, a rosa  
e a ferida. Mas só quando a fenda  
existe das trevas impõe presenta  
a flor, o ser sobre a imensa abertura

da invernía... So então resplandece  
o sangue. Por arder pétalas o pássaro  
é plural e alerta o sim e o não  
contraditando ares, asombrando a neve,  
afirmando o seu fado porque voa.

**Manuel Álvarez Torneiro** data o poema o 18 de Janeiro do 2001:

**Rosa de inverno**

Rosa de inverno, sangue dun delirio.  
Aínda a rosa das rosas recobrada:  
breve lume de luz polo sentido.  
(Veño á neve ferido  
e sen espada,  
rosa mortal e rosa en ejercicio)

Rosa abrasada:  
Acendida certeza, luz de abrigo.

Rosa de tanto e nada.  
Sabia no desatino.

Rosa para morrer de fermosura  
e pura. Rosa para a mirada.  
Rosa da sinrazón  
e namorada.

**António Gil Hernández**, co pseudónimo de Amado L. Caeiro, escribe o poema que envía o 25 de xullo do ano 2000:

A)Comentário tendencialmente lírico (Amado L. Caeiro):  
Disse-me a musa humilde:  
«Convém o poeta criar e recriar e mesmo descriar:  
crendo, recendo, descrendo:  
crer, mas descriando tópicos,  
na rosa, na neve, no inverno, no fogo, na servidão:  
primavera que abrolha da Belice (talvez vice-versa):  
neve a coroar-se de rosas, tristeza e ledice:  
fogo ou esperanza: amor no tempo inútil:

servidão por tempos idos: memoria sob silêncios.»  
A musa assim mussitou. Emudeceu depois e amorosa amimou-me.

B) Poema «Proviso» sobre poema «Improviso»

(Amado L. Caeiro):

Eu, poeta mirrado, acredito ou faço  
ou só lembro: meço pétala a pétala  
o poema racional e desmedido.  
Nem digo rosa, mas juventude  
recuada: nem neve, mas cabelo branco  
por anos: nem inverno, velhice apenas  
a esperar abrasar-me em fugidio  
amor: marchar-me na ruga tópica  
do vivido: desviver-me em anseio  
desmedido, racional pétala da lembrança.

C) Réplica (Amado L. Caeiro):

Topou-me um sol de guedelhas: deixei  
os dedos afagarem mimosos aquele  
mar imenso de fogo redondo em saudades.  
Verão, já vencido, triste, era outono  
quase, doce e macio. Tentei nele semear,  
verde, a minha esperanza, ou azul,  
mas rigorosa. Foi-me apenas permitido  
enxergar agras por longínquas alvas,  
e longe, muito longe, nos horizontes  
errantes montanhas rescendentes de prazer.

**Claudio Rodríguez Fer** envía o 15 de xuño do 2000 o seguinte poema:

Coñecementos  
A rosa en inverno  
é a rosa negra:  
paixón que incendia  
os misterios iniciáticos.  
A rosa en ignición  
é a rosa branca:  
alivio que licúa  
o misterio da paixón.  
Rosa Negra  
Para que vivamos unicamente mil veces  
naceu baixo da pelve a rosa negra.  
Rubí contra rubí pola licencia  
oculta na mandorla das orixes  
sen gumes baixo as leiterenas.

Ti entras pola vida como a herba.  
A néboa do crepúsculo arrecendeu espida  
cada vez que anegou as túas illargas.  
Da escuma fixéronse os anseios  
que cobriron de negro tantos prados  
lonxe das rúas que te esperaban ceibes.  
Así forxou a vida a túa rosa nocturna.  
Abriuse como se abre un corazón na neve.  
O pálpito dos pétalos provocará palabras  
coas que farás o mundo que desexas:  
ti tes o meu amor na punta dun arume  
que agromará sabendo da paixón e do lonxe.  
Ela comenzou polos estames húmidos.  
No principio non foi a luz das corolas.  
No principio debeu ser a túa rosa negra.

**Pura Vázquez** envía un soneto en castelán titulado «Rosas... Rosas»:

Por toda mi epidermis nacen rosas  
en plenitud dulcísima. En escala  
de puro amor. Rosas para la tala  
temprana de tu boca: Rosas... Rosas...

Rosal de amor a florecer me llueve  
rosas dentro del alma, fuego y nieve,  
ungiendo, entredorándome la vida.

Rosas mis brazos llevan. Olorosas  
gavillas. Floración. Ternura de ala.  
Rosas mi voz de ritmo, ciñe, exhala.  
Rosas mi pecho: Rosas... Rosas... Rosas...

Qué inquieta levedad de mariposas  
sobre mis labios tiembla, incontentida,  
nevándome la dicha en rosas. Rosas...

Aqueles cursos de conferencias sobre a historia da literatura portuguesa organizados polo Instituto de Estudos Portugueses da facultade de Letras da Universidade de Santiago trouxeron a Galiza, nos primeiros anos da década dos trinta, a presenza dos máis grandes pensadores portugueses do momento<sup>15</sup>. De Jaime Cortesão destacamos «As orixens marítimas de Portugal nas súas relacións com a historia da Galiza» por dar noticia da colaboración da familia dos Andrade de Betanzos nas descubertas e conquistas portuguesas, en especial Fernán Pérez de Andrade. Á mesma estirpe sabía e sensíbel do catedrático da Universidade de Coimbra, Joaquim de Carvalho, pertence o seu fillo, Joaquim Montezuma de Carvalho, seguidor atento e puntual dos traballos desenvolvidos nas dúas beiras do río Miño. Que as rosas creadas para Eugénio de Castro florezan en inverno para el.

## NOTAS

<sup>1</sup> Ed. Mazenod, París.

<sup>2</sup> Ed. Arcádia, Lisboa.

<sup>3</sup> Ed. Vega, Lisboa.

<sup>4</sup> Edições do Tâmega, Amarante.

<sup>5</sup> Ed. Frente de Afirmación Hispanista, A.C., Ciudad de México.

<sup>6</sup> Esta obra foi publicada pola Dirección Regional de Cultura, Angra do Heroísmo, Açores.

<sup>7</sup> En Edições do Tâmega, Amarante.

<sup>8</sup> Esta reedición foi posible pola vontade da Cámara Municipal de Vidigueira, terra do pai de Espinosa.

<sup>9</sup> A amizade Con Eduardo Blanco Amor comeza cando o autor galego estaba en Buenos Aires. Máis tarde, o erudito portugués provoca que o galego escriba un traballo sobre o 25 de abril de 1974.

<sup>10</sup> Con Ramón Piñeiro, amigo e colaborador de seu pai na

Revista Filosófica que fundara co profesor Ramón Martínez López e con Domingo García Sabell, mantivo correspondencia e consegue que escriba un artigo sobre a Revolución dos Cravos. Xunto co traballo de Blanco Amor, foi publicado por Montezuma o 25 de abril do 2004 no diario

O Primeiro de Janeiro.

<sup>11</sup> O libro de Joel R. Gómez,

Fazer-se um nome: Eça de Queirós-Guerra da Cal: um duplo processo de canocidade literária na segunda metade do século XX

, Edición do Castro, 2002, fala desa amizade.

<sup>12</sup> Fraga Iribarne foi axudado polo pai de Montezuma de Carvalho nas investigacións de historia e filosofía do Dereito que polos anos trinta realizaba en Coimbra.

<sup>13</sup> Montezuma de Carvalho foi un colaborador de Papeles de Son Armadans.

O seu nome figura entre os dez primeiros asinantes na parede da casa que Camilo José Cela tiña en Palma de Mallorca.

<sup>14</sup> Editado no ano 1985 en Sada.

<sup>15</sup> Cfr. Contra a Casa da Troia, Antón Capelán Rey, Edicións Laidovento, 1994, pp. 77-225.



# Homenaxe a Manuel LUGRÍS FREIRE: soneto inédito de Antón de Pepiño

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

Sumario

Manuel LUGRÍS FREIRE e Antón de Pepiño. Publicación dun soneto inédito en homenaxe a LUGRÍS.

Abstract

Unknow sonnets of Antón de Pepiño.

**A** Real Academia Galega acordou que no ano de celebración do seu centenario, 2006, Manuel LUGRÍS FREIRE protagonizase o Día das Letras Galegas. O autor de Sada nado en 1863, o ano no que Rosalía de Castro publicaba *Cantares gallegos*, figura entre un grupo de escritores dos que pouco se falou e moito se ignorou. Ademais de autor de poesía e prosa, escribiu unha gramática, iniciou o teatro galego en prosa e como orador, cábelle a honra de inaugurar o mitin político en galego cunha fermosa peza pronunciada en Betanzos o ano de 1907, cando a Solidaridá intensificaba a súa campaña política.

Dedicou a súa vida a Galiza e estivo activamente presente nos acontecementos históricos máis importantes dos primeiros anos do século XX anteriores á guerra. Comparte a Cova Céltica con outro destacado mariñán: Salvador Golpe, con quen forma parte, como secretario, da Comisión directiva da Liga Gallega da Coruña, baixo a presidencia de Golpe. Preside a reunión preparatoria para a constitución da Irmandade da Fala da Coruña, onde pronunciou un discurso cheo de entusiasmo. Participa no Seminario de Estudos Galegos, ingresando como socio correspondente cun discurso sobre Pondal. Formou parte do consello que redactou os estatutos do Partido Galeguista. Como presidente da Comisión Republicana Gallega, redactora das bases do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía, colabora activamente na redacción e propón a mesa da que formaría parte o betanceiro Cabeza de León. Presidente da Real Academia Galega e socio de mérito do Instituto Histórico do Minho, de Viana do Castelo, exerce como orador divulgando figuras importantísimas da literatura portuguesa como o poeta Guerra Junqueiro a quen compara con Curros Enríquez<sup>1</sup>.

LUGRÍS nace o 12 de febreiro en 1863 en Sada, adiantándose 13 anos ao nacemento de Francisco Sánchez García -Antón de Pepiño-, que tivo lugar o 18 de xaneiro de 1876 nas terras de Teixeiro. Entre estes homes hai certas coincidencias. Os dous tiveron que emigrar. LUGRÍS a Cuba, aos vinte anos. Sánchez García á Arxentina, con trece anos. LUGRÍS regresa a Galiza en 1896. O de Teixeiro volta en 1909. LUGRÍS participa como membro de número na fundación da Real Academia Galega. O 11 de novembro de 1905 Francisco Sánchez García é nomeado académico correspondente pola República Argentina xunto cos señores Cayetano Aldrey, Leopoldo Basa, Gumersindo Busto, Manuel Castro López, Ricardo Conde Salgado, Julio Dávila, Martín Echeagaray, Adolfo Rey Ruiban, Bernardo Rodríguez e Benigno Teijeiro Martínez, título outorgado polo primeiro presidente Manuel Murguía<sup>2</sup>.

---

\* Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

O de Teixeira non participa na política galega nin nos órgaos galeguistas nos que se integraba o poeta de Sada. Pero isto non impediu que admirase o traballo dos galeguistas de ben, entre os que consideraba a Lugrís. Coinciden como colaboradores en varias publicacións e na Real Academia Galega.

Periodista infatigábel, a obra literaria de Francisco Sánchez García consta fundamentalmente de poesía, en galego e en castelán, algúns relatos breves, pezas dialogadas en verso susceptíbeis de ser representadas, e artigos que oscilan entre o literario ficcional ou crítico, e a información e análise da actualidade político-social. A variada temática descobre a cultura do autor e as súas ideas en relación con temas tan importantes como a educación integral das mulleres nas artes e nas ciencias, e a súa condición de galego entusiasta e traballador incansábel na defensa de Galiza.

O poeta de Curtis, premiado nos Xogos Florais de Betanzos de 1918, Francisco Antonio Sánchez García, «Antón de Pepiño», manifestase como un excelente cultivador do soneto. Dedicou moitos deles a personaxes importantes: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Francisco Añón, Alberto Camino, Valentín Lamas Carvajal, Xoán Manuel Pintos, Aureliano Pereira, Alberto García Ferreiro, Teodosio Vesteiro Torres, Urbano González Rivero, Antón Rey Soto, Ramón Cabanillas, Alexandro Miguéns Parrado, Curros Enríquez, Xulio Davila, Manuel Murguía, Xoán Barcia Caballero, Rodríguez Sanz López, J. M. Riguera Montero.

Aos xa publicados, engadimos catro sonetos máis.

Neste primeiro soneto fala da súa actividade de poeta sen mestres nen escola, pero sempre guiado por unha musa :

¡Eu non sigo a ninguén! Ningunha escola  
me foi mester para adeprender a vate:  
nascín tolo, toliño de romate,  
e a un tolo dálle a man sempre unha tola.

¡Soliño na soedá! Ela parola,  
e ó ascoita-la súa vos de eiscelso orate,  
non sei que diaños no meu peito late,  
nin sei que ferve nesta miña chola.

Quixote errante en pos de Dulcinea,  
na amada diosa posta sempre a idea,  
camiñarei, quizais, cara ó imposibre.

Pro en mín non está xa retrocedere;  
que anque non sei se queme ou non me quere!  
a deidá das deidás, xa non son libre<sup>3</sup>.

Antón de Pepiño celebrou na forma do soneto figuras que admiraba. O seguinte está dedicado a Barcia Caballero:

**Xuán Barcia Caballero<sup>4</sup>**

¡Que gran crego, meu Dios, se fose crego!  
A ninguén que algo pense se lle escapa  
que don Xuán, de ser crego, sería Papa...  
sería un Papa muy sábeo e muy labrego...

Pro un bon día Esculapio, errante e cego,  
busca lus, y en Galicia a lus atrapa:  
veu a Barcia, pillouno baixo a capa,  
e que queiras quen non místico ó rego.

¡Cura-los corpos el pró ceo nascido!  
Cristo ante-los curou y El aconsella  
que, para alcanzar do Eiscelso o pormetido,

Hai que abaixar homildemente a orella.  
E a don Xan doulle Dios o merescido  
desdobrando á súa vista «O arco da vella».

Ademais do soneto en galego, escribiu o que agora damos a coñecer, en castelán, a Rosalía de Castro:

**Rosalía Castro**

Galicia en sus jardines recoge frescas flores  
que sobre tu callado sepulcro deposita;  
es cada flor un beso, unha alma en que palpita  
la gloria de tus días de eternos esplendores.

El sol lanza a la tierra sus mágicos fulgores,  
de que copió tu numen la inspiración bendita;  
y el suelo de la patria parece que se agita  
de amor para colgarte de galas y de honores.

Cual vívidos destellos de chispas celestiales  
eternamente brillan tus cantos magistrales  
que en letras de oro guardan los libros de la historia.

Y tu sigues viviendo; que vida fue y no muerte  
esa transición ruda que a tu futura suerte  
de par en par ha abierto las puertas de la gloria.

Manuel Lugrís Freire morre en 1940, un ano despois da morte de Antón de Pepiño. Queremos facer unha homenaxe a Lugrís coa publicación do soneto de Antón de Pepiño a el dedicado, onde manifesta a súa admiración pola dignidade do autor de Sada, loitador agrarista infatigábel e vencedor en todos os combates.

**Soneto a Lugrís de Antón de Pepiño<sup>5</sup>**

Non chora nin se doe. Non o presiguen  
as visións<sup>6</sup> que soñan algúns vates;  
paladín trunfador en mil combates,  
¡como os devotos multitu-lo siguen!

Aconsella ós labregos non mendiguen  
o favor intresado dos manates,  
e confía en vence-los zaragates  
en canto as forzas do feirón obriguen...

Non chora, nin se doe... Rema que rema  
timón do mar da fe que non zozobra,  
sigue unha estrela que nas nubes trema.

Romperase Lugrís, mais non se dobra...  
Ou trunfar ou morrer: ese é seu lema,  
e a de trunfar porque vontá lle sobra.

#### NOTAS

<sup>1</sup> O 27 de novembro de 1924, organizada pola Real Academia Galega, celébrase unha festa na sala do Teatro Rosalía Castro da Coruña en conmemoración do IV centenario de Camoens; interveñen o poeta portugués invitado, Eugénio de Castro, e Manuel Lugrís Freire quen fai un paralelismo entre diversos poetas galegos e portugueses, centrándose sobre todo en Curros Enríquez e Guerra Junqueira. Fala tamén de Camoens.

Curiosamente, o betanceiro José García Acuña, en representación do Cónsul de Portugal, falou tamén de Camoens, asegurando que escribía tan ben en castelán como en portugués, afirmación criticada por moitos galeguistas que considaban que fora formulada polo descoñecemento da obra do autor dos *Lusiadas*. A conferencia de Lugrís tivo moito eco na prensa portuguesa.

<sup>2</sup> Na acta de constitución da Real Academia Gallega do 11 de novembro de 1905 figura o nomeamento de Francisco Sánchez García de Buenos Aires como académico correspondente.

<sup>3</sup> 10 de novembro, de 1920.

<sup>4</sup> 20 de novembro, de 1920.

<sup>5</sup> Sen datar.

<sup>6</sup> O autor dubida entre as palabras *visións* e *pantasma*s.